Gladiolus illyricus W.D.J.Koch, 1837

- gladíolo, herba estoque
- gladiolo, g. silvestre, cresta de gallo
- ezpata-lorea
- espadeta, lliri de sant joan, coltell o espada
- gladiolus, sowrd lily
- espadana dos montes, gladíolo, palmas de santa rita, calças de cuco



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Asparagales**	**Iridaceae**	***Gladiolus***

ORIXE

Sueste da Península Ibérica e de países do norte do Mediterráneo.

CARACTERÍSTICAS

Planta bulbosa perenne de 25-50 cm. Follas alongadas e estreitas, en forma de sabre ou espada, con nerviación paralela. Poden acadar entre 20 e 40 cm de longo. Flores rosáceas a violáceas, en número de 3-10 en 2 ringleiras. Espatas, 2, máis curtas cás flores. Tépalos ovados a lanceolados, sendo os 3 superiores maiores cós inferiores. Froito en cápsula de 6-8 mm, marcada por 3 ángulos.

HÁBITAT

Prados secos, pasteiros e rochedos, así como montes litorais, cerros e faldras de montañas no clima mediterráneo. Atópase en zonas expostas e solleiras, a miúdo en lindeiros de campos de cereal ou en áreas despexadas de aciñeirais.

DISTRIBUCIÓN

Mediterránea e atlántica, abarcando o sur de Europa, o norte de África e o suroeste de Asia.

CURIOSIDADES

O seu nome fai referencia á historia dos gladiadores romanos, que recibían gladíolos como símbolo de vitoria tras gañaren os seus combates.